

BASES DO CAMPAMENTO VERÁN CONCILIA 2025 DO CONCELLO DA CAPELA

1. Obxecto

O campamento Verán Concilia é un programa que ofrece un servizo para contribuír á conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias da Capela mediante actividades de carácter lúdico e educativo que promoverán a igualdade de xénero, a socialización e a relación entre iguais. Todas as actividades terán un enfoque socioeducativo, con perspectiva de xénero e serán promotoras do bo trato e de hábitos saudables.

2. Persoas destinatarias

O Verán Concilia está destinado a nenas e nenos nados entre os anos 2013 e 2021 (ambos inclusive). Na adxudicación de prazas terase en conta o seguinte orde de preferencia:

1. Nenos e nenas empadroados no Concello da Capela.
2. Nenos e nenas escolarizadas no CEIP Mosteiro de Caaveiro.
3. Proxenitores ou titores legais que acrediten vinculación laboral no municipio.
4. Familias con algún membro (ata segundo grao de parentesco) empadroado no Concello da Capela na data da solicitude.

En cada un dos casos anteriores, terán preferencia as familias con ambos proxenitores laboralmente activos, ou no caso de familias monoparentais cando o proxenitor/titor traballe.

No caso de solicitantes con necesidades especiais, realizarase unha valoración en función das ditas necesidades e do funcionamento e da organización do campamento, para decidir se é viable ou non a súa participación.

3. Descrición do campamento

3.1 Datos.

O campamento divídese en dúas quendas: xullo e agosto. Poderase solicitar unha quenda ou as dúas.

Mes de xullo: do 1 ao 31 de xullo



Mes de agosto: do 1 ao 29 de agosto

3.2. Lugar

O campamento levarase a cabo nas instalacións deportivas municipais: no complexo deportivo As Neves.

3.3. Prazas

Ofértanse un total de 26 prazas cada quenda.

3.4. Horario

O campamento levarase a cabo de luns a venres, excepto os festivos. Os horarios que se ofrecen son os seguintes:

- Horario madrugador: de 8.30 a 14.00 (saída ata as 14.30)
- Horario estándar: de 9.30 (entrada ata as 10.00) a 14.00

4. Inscripción

O prazo de inscrición para os meses de xullo e/ou agosto será do 26 de maio ao 4 de xuño (ambos incluídos), na Casa do Concello da Capela, en calquera rexistro administrativo ou a través da sede electrónica concellodacapela.sedelectronica.gal

Poderase conceder un novo prazo extraordinario de inscrición para o mes de agosto dende o 9 de xullo ata o 11 de xullo.

A documentación complementaria a presentar coa solicitude será a seguinte:

- DNI ou partida de nacemento da nena ou neno participante.
- Tarxeta sanitaria da nena ou neno participante.
- Autorización asinada do tratamento dos datos de carácter persoal
- Certificado de empadramento do menor, no caso de non autorizar a súa consulta na solicitude.
- Xustificante de matrícula do CEIP Mosteiro de Caaveiro, no caso de non ter empadramento no Concello.
- Xustificante do/s proxenitor/es ou titor/es de estar traballando, se é o caso (contrato laboral, vida laboral ou outros que acrediten a actividade laboral).
- Certificado de empadramento do familiar que resida no Concello da Capela, no



caso de que o/a menor non estea empadroadado no municipio.

5. Publicación da listaxe provisional e listaxe definitiva

Publicarase a lista de solicitudes admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal o día 6 de xuño, concedendo un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións ou alegacións dos motivos de exclusión (do 9 ao 11 de xuño). O 13 de xuño publicarase a listaxe definitiva de admitidos e admitidas.

De existir menos solicitudes que prazas, adxudicaranse directamente a todos aqueles que cumpran os requisitos.

De existir mais solicitudes que prazas, crearase unha listaxe de agarda segundo os criterios establecidos. No caso de que algún dos admitidos non formalice o pago, contactarase por orde ás persoas da devandita listaxe para que o formalicen o antes posible.

6. Pagamento.

A contía será a establecida no acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo de campamento de verán do Concello da Capela:

Número de usuarios dentro da unidade familiar	Horario de 8:30 a 14:00 horas	Horario de 9:30 a 14:00 horas
1º	90,00 euros	60,00 euros
2º	60,00 euros	40,00 euros
3º ou máis	40,00 euros	20,00 euros

O prezo público esixirase en réxime de autoliquidación.

O ingreso deberá realizarse nos prazos establecidos para cada quenda, unha vez publicada a relación definitiva de admitidos. Só producido o ingreso se entenderá que ten dereito á asistencia ás sesións do campamento.

Os prazos para realizar o pagamento serán os seguintes:

- Quenda de xullo: do 16 ao 20 de xuño (ambos incluídos)
- Quenda de agosto: do 14 ao 18 de xullo (ambos incluídos)

O pago realizarase por transferencia bancaria indicando como concepto o nome e apelidos do neno ou nena en calquera dos seguintes números de conta habilitados



para tal efecto: ES97 2080 0220 9031 1000 0019 (ABANCA) ou ES54 0049 6639 6221 1000 1365 (Santander) ou mediante TPV de xeito presencial no Concello da Capela. Non se recibirán pagos en efectivo.

A inasistencia total ou parcial ás actividades non é causa de devolución das cantidades aboadas, salvo por razóns de forza maior debidamente acreditadas.

Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pago do prezo público, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente, conforme ao establecido no artigo 46.2 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A débeda poderá esixirse polo procedemento administrativo de prema.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

